

REFRANEIRO AGRÍCOLA - METEOROLÓXICO (*)

Por PEDRO DE MERILLE

AOS LEUTORES

Esta obra non me pertenece. Saleu do pobo e ao pobo volve. Eu non teño mais mérito que ó de haber ido recollendo e gardando, pouco a pouco, para agora colleita xunta.

A «cencia popular» non ten dono. Com'as augas do mar son d'aproveitamento común, así é aquela.

Ao publicar estes refrans non fago mais que alixeirar a miña carteira de notas, aseguralas pra que non se perdan, e darlles carauter de permanencia poñéndoas baixo á custodia de todo o mundo.

Mais non van pol-o d'agora en forma definitiva. Van, coma quen dí, á feixe, sin orden nin método, reservándome ordenar e compretar este traballo moi logo, non ben outras tarefas urxentes me deixen o tempo que preciso e de qu'agora non dispoño.

Non busco nin quero mais galardón pra o meu traballo que o de que outros o milloren e compreten.

Eu fixen o que puider; agora «o que mais valla que mais faga».

Pedro de Merille

REFRANEIRO GALLEGO AGRÍCOLA-METEOROLÓXICO

A

A castaña e o besugo, en Febreiro non ten zumo.

Abril frío, pan e viño.

Abril frío e mollado, enche o celeiro e farta ao gado.

Abril augas mil, coadas por un mandil.

A chuvia por San Xoan, tolle o viño e non da pan.

A chuvia no mes d'Agosto, ne chuvia qu'é mel e mosto.

A Galicia ven a fame nadando.

Aa besta golosa, taleiga d'area.

Arco d'a vella ao Levante (pol-a mañán), anda cos bois para adiante.

Arco d'a vella ao Poniente, recolle os bois e vente.

(*) En las páginas de «La Defensa», semanario de Betanzos, ya desaparecido, publicó, en 1906, Salvador Golpe, con el seudónimo de «Pedro de Merille», este *Refraneiro*, que reproducimos íntegramente. El trabajo se insertó en forma de folletín encuadernable.

A casta d'a horta sal da corte pol-a porta.
Arreboles ao sol posto, mañán andarás enxoito.
A galiña pol-o bico pon.
Altas ou baixas, pol-o Abril son as Pascuas.
A moita terra, da duas cheas: unha de traballo e outra de miseria.
Anada aas carreiras non se pilla.
Anadiña pouca, anadiña moita, vai chegando unha co'a outra.
Ao labrador descuidado, os ratos lle comen o sementado.
A viña en seco, a horta con rego.
A lua d'Octubre, sete cubre.
Ano de nevadas, ano de fornadas.
Aire de Lugo, auga n'o puño.
Ano d'ameixas, ano de queixas.
Ano de landras, ano de grasas.
Ano de noces, ano de voces.
Auga de tronada, nuns sitios moita e n'outros nada.
Auga d'Outono mata á seu dono.
A nugalla nin come pan, nin dorme na palla, nin viste camisa lavada.
Abril, si por mal quer vir, as portas non deixa abrir.
Alá vai serodio con temperán, mais non na palla nin n'o gran.
A auga de Mayo carga o carro.
A auga de Mayo non fai daño.
Ara e compón, e agarda sazón.
Aire Sudán, chuvia n'a man.
Ave de pico, non fai á seu dono rico.

B

Besta grande, ande, non ande.
Besta mular, comer e andar.
Besta que xeme, a carga non teme.
Boi bravo, rego largo.
Boi morto, vaca é.
Brencellao e caíño, os pais son do viño.
Brétema no monte, millor é pol-a mañán que pol-a noite.
Brua Gandarío (1), panos ao río.
Brua Alba, tempo en calma.
Brua Balcobo (2), tempo revolto.

(1) *Gandarío*, é unha praya situada entre Sada e Muruxo.

(2) *Alba* e *Balcobo*, son dous prayazos no término municipal d'Arteixo.

C

Cada cousa no seu tempo, e os nabos en adviento.
Can moi ladrador, nin por eso mais mordedor.
Cando a Candelaria chora, metá do inverno vai fora; que chore ou que
deixe de chorar, a metá do inverno está por pasar.

Cando as rans cantan en Xaneiro, sinal de fame no rueiro.
Cando non chove en Frebeiro, non hai bon prado nin bo centeo.
Come mais un día de sol en Frebeiro, que cantos cabalos ten o reino.
Cando o río non fai ruído, ou leva moi pouca auga ou vai moi crecido.
Cando a carballeira canta, gusta ben a manta.
Cando o domingo chove despois da misa, a semaniña enteira vaise de risa.

Cando chove é fai sol, alegre está o pastor.
Cando Dios quer dal-á anada, non-a tolle vento nin xiada.
Cando a ruliña rular, colle o foliño e vai sementar.
Cando o Pico Sagro pon touca, auga temos, pouca ou moita. (Refrán local da comarca da Ulla.)

Cando non fai vento, non fai mal tempo.
Cando ven o cuco, ven o pan ao suco.
Carcaxia (ou carcacia), norte pía.
Cando o Pico-Sagro cubr'o seu capelo, meniñas da Ulla cubrid'o mantelo.

Ceo empedrado, piso mollado.
Ceo escamento, ou chuvia ou vento.
Cerdeiras e ladrós, anque prendan non son boos.
Cáves ben, cáves mal, cava ben no carreiral.
Cebada do día, non fai andar caballería.
Cóbras (ou cóbregas) en Marzo, neve en Abril.
Casa na que vivas, viñas das que bebas, rentas as que poidas, terras as que vexas.
Colleita mollada, e media anada.
Coida o prado e terás gado.
Con abono e rega, non hay mala terra.
Con auga e con sol, Dios e criador.

CH

Chuvia en Marzo, nin o mexo d'un rato.
Chuvia d'Abril, enche o carro e o carril.
Chuvia na somana d'Ascensión, nin boa faba nin boo melón.
Chuvia na somana d'Ascensión, cría nos trigos mourón; pro é un regalo, San Pedro co seu xarro; San Cristobo, co seu cobo; Santa Mariña, co-a sua regazadiña; Santiago, co seu canado; San Lourenzo, co seu caldeiriño penzo; Nosa Señora, co-a sua ola, e San Miguel, co seu tonel.

D

Da fror de Xaneiro, ninguen encheu o celeiro.
De boa nai busc'a filla, e de boa cepa pranta á viña.
De pequeniño verás que boi terás.
De marco a marco non hai arco.

Desque chega o cuco, logo ven ó pan ao suco.

Deita o teu gado na herba do teu prado.

Dende Santos á Nadal e o inverno natural.

Día de San Nicoláo está a neve de pao en pao, e si non no chao.

Dix'o liño ao sementalo: aos tres días nado.

Día de San Martiño, proba o teu viño.

Día de Santa Inés, chuvia unha sola ves (tod'o día).

Dixo no monte unha vella: «Vaite Frebeiriño corto c'os teus días vinteito, que, si tiveras mais catro, non quedaba can nin gato». Frebeiriño contestou: «Moito: os teus becერიños oito, deixa, que meu hirman Marzo hachos de volver en catro».

Dure a mala veciña o que a neve frebeiriña.

Decruame tarde, arrandame cedo e pagareich'o que che debo; dixo na terra o millo.

Día de Santa Lucía, enchente d'auga ou de sardiña.

Dios sobre todo, e sobre Dios nada.

E

En Xaneiro, un pouco ao sol, outro ao fumeiro.

En Xaneiro, berza vella val carneiro.

En mingunte de Xaneiro, corta o madeiro.

En Xaneiro, pon o alleiro.

En Marzo, iguarzo.

En Marzo, Espigarzo.

En Marzo, nin rabo de gato mollado.

Entre Marzo e Abril, sal o cuco do cubil, que co-a neve non quer vir.

Entre Marzo e Abril, o cuco ou a fin.

En Abril, augas mil.

En Abril, déixame durmir.

En Abril, espárragos pra min; os de Mayo, pra meu amo.

En Mayo, inda bebe o boi no prado.

En Mayo, de meu me cayo.

En Mayo, aínda a vella queim'o tallo. (Outros dín: quent'o sayo»).

En Mayo, millo sementado, cal enxoito, cal mollado.

En San Xoan, xa a sardiña pinga o pan. (Outros dín: «molla o pan».)

En San Xoan, fouce na man.

Enxameo pobre, no inverno nace e en Mayo morre.

En Agosto, sol posto, noite conosco.

En gado tratarás, e medrarás.

En cada terra o seu uso, e en cada roca o seu fuso.

Esterco de charamela, todo e candela.

Esterco de feito, grau pol-o peito.

Esterco de xesta, grau pol-a testa.

Esterco de palla, grau pol-a barba.
Esterco de silva, grau pol-a crisma.
Esterca e traballa, terás boa anada.

F

Fiadeira ¿qué fiache? ¿pr'onde fuche? ¿pr'onde andache qu'en Marzo non branqueache?

Fidalgos pobres e bestas vellas, acaban as nosas terras.
Froles en outono, fame en ano novo.

G

Galiña que cacarexa, algo venta ou ovo deixa.
Grau debaixo do terrón, grau morto, e debaixo da pedra, torto.

H

Hastra San Pedro, o viño ten medo.
Horta de San Martiño, manten a seu dono e ao veciño.

L

Labrador cazador, coellos na despensa e fame no comedor.
Labrador chalan, non colle viño nin pan.
Labradores novos, mal pol-os comareiros.
Labra feita, bois ao monte.
«Labada. ¡Aos tres días náda», díxoll'o millo á liñaza. E contestou ela:
«Nugallazón! Un mes baix'o terron, e inda si vou si non vou!».

M

Marzo marzán, pol-a mañán cara de rosas, pol-a noite cara de can.
Marzo marzolas, trebón e rayolas.
Mayo chuvioso, vran caluroso.
Mayo pardo, San Xoan craro.
Maínzo ralo, da cesto e carro; maínzo mesto, nin carro nin cesto.
Moitas paradas fan os días pequenos.
Muiño parado non gana maquíá.
Mentras tempo non ven, sazon non pasa.

N

Na seman d'Ascensión, tres días carne e tres días non.
Nabos e fidalgos, raros.
No mes de Xaneiro, súbete ó outeiro; si ves terrexar, ponte á cantar;
si ves verdexar, ponte á chorar.
No marzo abrigo, noces e pan trigo.
No mes de Marzo que choiva tanto com'a mexeira d'un gato.
Non fagas horta en sombrizo, nin edifiques ao pe do río.
Nin viña no baixo, nin trigo no cascaxo.

Non se pillan troitas á bragas enxoiatas.
Nin besta de solo herba, nin home de moita verba.
Norte escuro, vendabal seguro.
Nin por sol nin por solexo, nunca deixel'o mantexo.
Nubes a montaña, vellas a borralla; nubes a ribeira, vellas a raxeira.
Neve frebeiriña picaa a galiña.
Norte escuro, vendabal seguro.
Nunca chove como trona.
Nunca choveu que non escampase.

O

O que poidas facer hoxe non-o deixes pra mañan.
O que queira comer morriña, coma carneiro en Xaneiro e en Mayo galiña.
O pan de trigo fixo Dios, e o de millo mandouno facer.
O que queira comer patacas en San Xoan, bóteas cand'o pan.
O mainzo por San Marcos, nin nacido nin nos sacos.
O que en Mayo se molla, en Mayo se enxuga.
O que en Agosto e Setembre non da cebada, en San Xoan non fai xornada.
O sol que madruga, pouco dura.
¿Onde irás boi, que non ares?
O inverno come e non cría.
O millo rascado enche a cesta e o ferrado.
O centeo, basto na ucha, non no tarreo.
O castiñeiro, na man ao burato e o carballo no carro.
O rocío d'Agosto da pol-o rostro.
O antroido co-as suas artes botou á San Matías fora do martes.
O que se quenta ao lume e vay pro rio, ten despois mais frio.

P

Pol-o Abril, augas mil.
Por San Matías (24 de Frebeiro), comezan as enxertías.
Pra tí choiva todo o ano e pra min Abril e Mayo.
Pra a tua casa, en Xaneiro corta o madeiro.
Por San Mateu, dí o inverno: alá vou eu.
Por Pascua de Resurrección, tres cousas non tén razón: sardiñas saladas, castañas asadas e predicación.
Poda en Xaneiro, vendimia no sombreiro.
Poda en Marzo, vendimia no regazo.
Podeme quen seiba, e áteme que queira; dixo á viña ao labrador.
Pascoas molladas, moitas sobradas; Pascoas enxoiatas, nin moitas nin poucas.
Pol-a Candeloria, metá do inverno vai fora; si chove ou venta, inda entra.

Pol-a Candeloria, cásanse os paxariños e vaise a galiñola.
Por San Pedro da Cuadrela (*Cuadragésima*), sal a cobra (ou cóbrega)
da sua pedra.

Porca de Mayo, val mais no principio que no cabo.

Por San Antón, toda galiña pon; pol-a Candelaria, a boa e a mala.

Polvo en Abril, lama en Agosto.

Por San Xoan, as nove con día dan.

Por San Xoan, xa a sardiña pinga o pan.

Pol-o San Pedro, burro quedo.

«Pol-a Santa Mariña, báixame a porretiña»—dixo a cebola.

Pol-a Santa Mariña, deixa a sacha e colle a fouciña.

Pol-a Santa Mariña, vay as tuas viñas, e cal as cates tal as vendimas.

Por Santa Mariña, sala a sardiña.

Pol-o Agosto, frío no rostro.

Por San Andrés, toma o porco pol-o pé.

Por Santa Erea (Irene), toma os bois e semea.

Por San Martiño, nin fabas nin liño.

Por San Lucas, saben ben as uvas.

Por San Simón, apreta o baldón.

Por San Martiño, proba o teu viño.

Por Santa Lucía, medra a noite e mingua o día.

Por sol que vexas, non deixel-a capa.

Potro de potrela, becerro de vaca vella.

Pouca terra ben estercada, val a moita mal traballada.

Por oir misa e dar cebada, nunca se perdeu xornada.

Q

Quen sementa en boa terra, sempre ten boa colleita.

Quen sementa no camiño, cans'aos bois e perd'o trigo.

Quen seu carro unta, seus bois axuda.

Quen non traballa, non ten nin migalla.

Quen non decrua, n'arranda...é sua.

Quen ao sementar e mesquiño, na seitura (sega) escusa fouciño.

R

Remenda o sayo, durarache mais un ano.

Roibeces ao mar, galas á sollar.

Rubiás á sol nado, pigoreiriño andarás mollado.

Rubiás á sol posto, pigoreiro (1) mañan andarás enxoiro.

Roibeces á sol posto, mañan andarás enxoiro.

(1) *Pigoreiro*: pastor d'ovellas; do latín *pecus-oris*.

S

Sol de Xaneiro, sempre detrás do outeiro.

Sol de Xaneiro, sai tarde e ponse cedo.

Sol de marzo, queim'aas donas no pazo.
Sol madrugador, nunca moi quentador.
San Matías, anda co antroido aas porfías.
Si ques ter bon cabazo, sementao en Marzo.
Si ques ter pixel todo o ano, seméntame en Mayo.
Sementa e cría, terás alegría.
Si non oiche o cuco á mediados d'Abril, ou morreu o cuco ou ven a fin.
«Si o millo fore pouco, mudalo d'un saco n'outro» —dixo a galiña cando falou.
Si sábado chove e domingo ante misa, pol-a seman adiante verás que risa.
San Migueliño das uvas maduras, moito me tardas e pouco me duras.
Sau Mateu (vinteun de Setembro), vendimia tí, vendimiareu eu.
Santo Tomé, agarra o cocho pol-o pé.
Sementeira na seman de San Roman (Novembre), nin palla nin gran; na de Santa Baya (Decembre), grau e mais palla.
Si ques ter abellas, miraas pol-as Candeas, (Candeloria); e si ques mel, pol-o San Miguel.
Si ques ter bo viño, enxerta de boa cepa.
San Martiño, sempre quel-o seu graíño.
Si a noite de Navidá foi de luar, labra ben pra sementar; si a noite de Navidá foi de escuro, sementa no terron duro.

T

Terra que da o cardo, pra mín a gardo; a que da o espiño, pr'o meu veciño.
Terra sin abono, acaba con seu dono.
Trono de solano, pouca auga, e si cadra moito daño.
Tantos días ten Xaneiro, tantos o alleiro.
Tal e o carro, tales as fungueiras.
Tres anos de can novo, tres anos de bon can, tres anos de can vello, tres anos lacazán (Esa é a vida dos cans).

U e V

Unha sebe dura tres anos; tres sebes un can; tres cans un cabalo; tres cabalos un home; tres homes un corvo; tres corvos un elefante.

Este refrán parés que non se axusta ben co anterior, cando di qu'un can dura tres sebes ou sean nove anos; mais ao noso xuicio non hay contradicción ningunha, posto que non di vive, sinon dura, dando á comprender qu'o can no cuarto período da sua vida, vive, pro non sirve mais que d'estorbo.

Viño de peras non o bebas, nin o des a quen ben queiras.
Viño bebido, nin ten sustancia nin fai amigo.

Val mais nublado d'Agosto que sol de Setembro.
Vento solan, auga n'a man.
Val mais o qu'o sol deixa, que o que a auga trai.
Viva a galiña anque sea co a sua pebida.

X

Xaneiro mollado, si n'e bon pra o pan, n'e malo pra o gado.
Xaneiro, xeadeiro.
Xiada sobre lodo, neve hastra o xionllo.
Xiada na lama, aa chuvia lle fai a cama.

PRENÓSTICOS DO TEMPO

Si aa posta do sol andan pol-o aire nubes de mosquitos aa altura d'un home, e sinal de que o día seguinte será craro e despexado.

* * *

As nubes que despois da chuvia baixan sobr'a terra e parés que rolan pol-os campos anuncian bon tempo.

* * *

Si ao poñerse o sol enroxecen as nubes do poniente, ese e indicio de vento ou tempo seco.

* * *

Si durante o mal tempo se presenta néboa, o bon tempo virá axiña; mais si a néboa aparece no bon tempo, e levántase leixando nubes, o mal tempo e seguro.

* * *

Cando os patos de monte voan d'un lado pra outro, no bon tempo, berrando e solagándose nos ríos e lagoas, osman chuvia e tempestá.

* * *

Cando os corvos en grandes bandos berran moito pol-a mañan, anuncian tamen día chuvioso.

* * *

Si as palomas no bon tempo andan como axotadas, d'un lado pra outro, bañándose nas fontes e rigueiros, osman chuvia, pouca ou moita.

* * *

Si de noite mingua a craridade das estrelas sin que se vexan nubes, e sinal de que hay moitos vapores n'a atmósfera e de que logo teremos tempestá.

* * *

As croas ou circos brancuscos que se poñen as veces arredor do sol.

da lua, ou das estrelas, indican que logo verá a chuvia.

* * *

Si cambea moito o vento, sinal e de borrasca,

* * *

Cando o vento do sur ou do solano sopra moi baixo, erguendo remuíños de polvo, indica que virá moi logo a chuvia.

* * *

Os ventos qu'emprincipian á soprar durant'o día son moito mais fortes e duradeiros que os qu'empezan de noite.

* * *

Si despois do vento sigue unha xeadá branca que se desfai en néboa, fará mal tempo.

* * *

A xiada qu'encomeza con vento Nordés, é a pior e dura mais.

* * *

As nubiñas brancas que, ao pasaren baixo do sol, cando éste está cerca do poniente, vólvense roxas, verdes, moradas, amarelas, etc., dín que vai a viral-o tempo e que logo haberá chuvia.

* * *

Cand'as galiñas se espiollan moito, escallan na terra e contra ela fregan a barriga, anuncian tempo mollado.

* * *

Cando as moscas están moi feras e pegañosas, sinal de tempo inver noso ou de tronada.

* * *

Cand'os sapos non cantan, deixan os seus buratos e andan saltando pol-os arredores das leiras e pol-os camiños, quer decir que vay á chover moito, e que non queren agardal-a auga nas suas madrigueiras.

* * *

Cando as arañas baixan pol-as paredes leixando as teas, e sinal de moito inverno.

* * *

Si o fume das casas e das rozas sube dereito, e sinal de bon tempo; mais si en ves de subir, baixa, e esparéxese acaron da terra, indica moito peso na atmósfera e pol-o tanto tronadas e mal tempo.

* * *

Si as gaviotas en grandes bandos andan pol-o aire chiando moito e

n'el facendo remuíños, e logo se poñen quedas nos penedos da costa, e sinal de moito vento e tempo invernosos.

* * *

Mais sobre do dito hay que ter en conta sempre que *cando Dios quere, con todo-los ventos chove; porque*

DIOS SOBRE TODO

* * *

A P É N D I C E

Cerrado xa o *Refraneiro agrícola-meteorolóxico* n'estas páxinas, recibeu *Pedro de Merille* unha alegría grande con unhas cantas cuartillas que unhs colaborantes anónimos lle remitiron; mostra segura de que hay nas aldeas de esta bendita terra xentes intelixentes e cursidosas (mais das que se pensa) que tamen se entreteñen en recoller as máximas da ciencia tradicional e enxebre do pobo rústico.

Agradécelles moito a súa axuda; e non podendo xa poñer os refrans recibidos pol-o orden alfabético en que van os outros, acordou *Pedro de Merille* pubrical-os en capítulo aparte, pra que non se perdan, e, ademais, como satisfacción aos colaborantes, rogándolles, ao mesmo tempo, que non desmayen e que sigan recollendo e remitindo, pois esta non ha de sel-a única edición que do folleto se ofrezca ao público.

Dos refrans recibidos hainos que non se refiren ao cultivo do campo e aos anuncios do tempo, e eses sirven e gárdanse pra outra colección. Os que tratan da agricultura e meteoroloxía son os que siguen:

Vento terral, con néboa ao noitecer, son com'a mala muller.

Dendes da punta d'Estaca (de Vares) aa ribeiriña de Foz, canto mais lonxe millor.

(Quer decir qu'os barcos débense alonxar de esa costa.)

Das illas Cíes, non te fíes.

(Os refrans que anteceden son de mariñeiros).

A horta d'Outono mantén a seu dono.

Auga de Frebeiro, fai o palleiro.

Ano de moita herba, ano de moita perda.

Antes de compral-o becerro, facerll'o cortello.

A terra ben labrada, a seu dono da ganancia.

A ucha sin centeo, e com'o prado sin rego.

Auga en Mayo, pan tod'o ano.

Besta de herba, besta de perda.

Canto mais seca, mais arde a leña.

Cando a carballeira zoa, sabe ben a broa.

Cando a mora madura, xa pinta a uva.
Cando Abril recacha, queima a vella a maza.
Cando do Este chove, hastra as pedras move.
Cando o trigo e louro, e o barbo coma un touro.
Cando a pita pica ao galo, sinal de pitos pra o ano.
Cerco na lua, enxuga a lagua.
Choiva por Abril e Mayo, e non choiva en todo o ano.
Compra na casa e vende na feira.
De besta a mular, e de homes o de pouco falar.
Dend'as cereixas aos nabos, ben estamos; dend'os nabos aas cereixas,
todo son queixas.
Despois de San Martiño, deixa a auga e bebe o viño.
Día de San Martiño proba o teu viño.
De San Xoan a San Pedro, cinco días van no medio.
Entre San Xoan e Santiago líbrenos Dios d'un nublado.
En Agosto, está a auga tras do toxo.
En Agosto secan os montes e en Setembre secan as fontes.
En Mayo inda bebe o boi no prado.
Agosto pasou, e que mallou, mallou.
O can no celeiro, non quer compañeiro.
O sol madrugadeiro mete ao can no palleiro.
Por San Xoan tanto queixo coma pan.
Bendito mes, (San Martiño), que entra con Santos e acaba con San Andrés.
San Simón, proba o viño, e o porco San Martiño.
Terra de cardo, pra min a gardo; terra de fieito, pra outro a deixo.
Si Nadal nada, sinal e de boa anada.
Pascuas temprás, ou molladas, ou marzas.
Probeza e priguiza, son nay e filla.